

TESA A ESCOTA: SINGRADURAS NA PROCURA DO PATRIMONIO

Proposta para a posta en valor do patrimonio natural do PN Illas Atlántica ao abeiro do XIV^o Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia



*De bolina, tesa a escota
que os ventos subir fan,
o courel debaixo da auga...,
¡que gusto vela avanzar!,
¡que garrida vai a lancha
c'a espuma que ó redor fai...!
¡Que dicha é ser pescador
que ten por seu todo o mar!*

Eduardo Pondal

Queixumes dos pinos

Presentación

Nunha embarcación tradicional, nada é superfluo pero nada sobra. É unha simbiose de saberes, *le savoir faire* do mestre carpinteiro de ribeira, que deseña e constrúe unha embarcación apta para navegar nun mar concreto, mesmo nas peores condicións, pero á que se lle debe incorporar as necesidades precisas do amo ou armador para que, alén de garantirlle a seguridade e a navegabilidade, lle permita desenvolver o seu oficio. Ambos, mestre e armador deben chegar a un acordo, froito da súa propia experiencia e coñecemento, desenvolvendo un proxecto común.

Uns coñecementos de raíz empírica, froito da observación e a experimentación. No caso galego, grazas a diversidade biolóxica e a abundancia de recursos naturais, froito da confluencia de factores oceanográficos e xeolóxicos que modelan as costas e garanten hábitats propicios e esenciais para as colleitas mariñas, estes coñecementos agromaron nunha variedade de embarcacións única. Cascos axeitados para traballar e navegar nos fondos das rías; outros para mares abertos; para navegacións costeiras; para cabotaxe desenvolvendo singraduras entre vilas costeiras; outros para remontar ríos; uns aptos para pescar especies peláxicas como sardiñas e bocartes; outros, para andar aos peixes de fondo como pescadas, congros, e outras especies con aparellos ou liñas; outros para marisqueo; outros para o polbo. Cada baixo, cada seco, cada coído, cabo, ceba tiña o seu nome: a thalossoimia necesaria para identificar os praceres de pesca e as zonas de perigo nas navegacións, que xunto cos coñecementos meteorolóxicos eran transmitidos de xeración en xeración.

Porén, a partires da metade do século XX, a irrupción de novas tecnoloxías e materiais propiciou un proceso de aculturación que como consecuencia máis visíbel baleirou areais e peiraos de embarcacións tradicionais e, paralela a esta desaparición paseniña, foise esmorecendo tamén o coñecemento natural e tradicional asociado ás mesmas.

Unha perda que afortunadamente veuse minorada grazas ao aumentando da concienciación para a defensa e salvagarda deste patrimonio, materializada nas

asociacións que conformaron a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, CULTURMAR. Recuperación de embarcacións, investigacións e divulgación do patrimonio cultural marítimo fluvial son os seus alicerces que se plasman de forma efectiva no Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia.

Este festival vense realizando dende 1993 con carácter bienal, congregando a máis dun cento de embarcacións procedentes de Galicia e Portugal así como de outras comunidades do estado español e de diferentes países europeos, xerando un espazo de difusión e diseminación do patrimonio cultural material e inmaterial entre tripulantes, artesáns, artistas, visitantes, e, por suposto, entre as persoas da poboación que acubilla o Encontro. É, en definitiva, un importante evento festivo de salvagarda e reivindicación do patrimonio cultural marítimo-fluvial.

Chegamos á décimo cuarta edición que vai recalar na rada de A Guarda. Un espazo singular, pola súa dualidade Mar/río e por ser ponte da cultura galaico-portuguesa. Mar con maiúscula, xa que logo, as navegacións faranse principalmente e por primeira vez no Atlántico en troques que dentro das rías.

Levar a cabo o Encontro na Guarda supón que tódalas embarcacións galegas poñerán proa o sur. CULTURMAR quere aproveitar este feito para levar a cabo un reto nunca feito en Galicia: **organizar unha navegación conxunta das embarcacións tradicionais en singraduras ben estruturadas que vaian recalando nas principais illas do Parque Nacional das Illas Atlánticas. Isto é, Sálvora, Ons e Cíes.**

Esta travesía, nunca antes feita, será sen dúbida un reclamo único para promover a candidatura do Parque como Reserva da Biosfera por parte da UNESCO.

Efectivamente, as embarcacións tradicionais de madeira, alén de representar fronte a outros materiais un produto artesanal cunha pegada de carbono mínima e un ciclo de vida ecolóxica, económica e socialmente sostíbel, sintetizan, asemade, o coñecemento eco-biolóxico tradicional que foi quen de manter a esencia do Parque Nacional a través dunha explotación racional dos recursos mariños baseado no respecto aos seus hábitats: a diversidade biolóxica foi entendida polos pescadores (na acepción do poeta de Bergantiños, Eduardo Pondal), como o principal alicerce para garantir boas colleitas. Como exemplo, as bondades de carrumeiros e golfeiros como zonas de cría, que precisan serdes coidados.

Contidos

1. Obxectivos.....	5
2. Accións.....	6
2.1 Accións de documentación.....	6
2.1.1. Produtos de diseminación científica.....	7
2.1.2. Produtos de desenvolvemento promocional.....	7
2.1.3. Produtos de compromiso e participación coa comunidade.....	7
2.2 Accións de promoción do Parque Nacional das Illas Atlánticas.....	7
2.3 Travesía polo PN Illas Atlánticas.....	8
2.3.1. Fase inicial.....	8
2.3.2. Fase de integración.....	9
2.3.3. Fase de navegación conxunta cara Á Guarda.....	9
2.3.4. Fase de volta aos portos base.....	9
2.4 Accións de análise.....	10
3. Necesidades loxísticas externas.....	11
3.1 Apoio de embarcacións da Xunta de Galicia.....	11
3.2 Apoio do Parque Nacional das Illas Atlánticas.....	11
4. Orzamento.....	12

1. Obxectivos

O proxecto **TESA A ESCOTA, Singraduras na Procura do Patrimonio**, ten como obxectivo principal a posta en valor do patrimonio natural e cultural asociado ao Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas como alicerce da candidatura presentada á UNESCO para a súa declaración de Reserva da Biosfera. Este obxectivo principal complementarase cos seguintes obxectivos secundarios, tamén importantes:

- Recuperar as nocións náuticas tradicionais das travesías en mar aberto. Á procura de colleitas no mar levou a moitos mariñeiros a facer mareas mesmo en augas de Portugal, o que obrigaba a un coñecemento náutico complementario ao usado nas faenas dentro das rías. Coñecemento que era principal nos portos da Costa da Morte, Ártabro ou na Masma así como na Guarda pero non tanto nas Rías Baixas. Porén, tampouco era raro que os mariñeiros destes portos caldeasen as augas litorais, en mar aberto.
- Investigar e diseminar a *thalassonimia* ligada á travesía. No mar de outrora, sen sistemas de navegación nin de comunicación, nomear os praceres, secos, limpos, cons e calquera outro elemento físico do fondo ou da costa, era o único xeito de saber onde ir e como navegar. Un rico léxico mariñeiro que será posto en valor.
- Acadar e rexistrar testemuñas de vellos mariñeiros pescadores ao respecto das travesías e da *thalassonimia*.
- Estudar a viabilidade e sostibilidade deste tipo de travesías con fins de explotación *eco-turística*. Na definición de Weaver 2001¹, por ecoturismo entendemos “unha forma de turismo que fomenta o coñecemento a través da experiencia directa á vez que promove unha concienciación cara a conservación do medio natural, xunto co contexto cultural desenvolvido no mesmo”. Entendemos que esta experiencia permitirá extraer valiosas conclusións que permitirán nun futuro, acadar unha etiqueta de ecoturismo²

1 Weaver, D.B. 2001. Ecotourism, John Wiley & Sons: Milton.

2 En varios países de Europa (Suecia por exemplo), teñen implantado un sistema de ecoetiqueta que garante que unha determinada actividade ou produto turístico cumpre un estándar de calidade baseado nos seguintes principios:

- Ofrecer ao visitante a posibilidade de sentir directa e persoalmente o medio natural
- Incentivar vías que permitan ao visitante a comprensión, a apreciación e o goce dese medio natural
- Desenvolver prácticas sostíbeis e respectuosas co medio ambiente
- Contribuír directamente na conservación do medio natural

(cont)6

2. Accións

As accións previstas en **TESA A ESCOTA, Singraduras na Procura do Patrimonio**, aínda que centradas no cerne principal, isto é, a navegación en convoi das embarcacións tradicionais de Galicia, terá lugar nunha data determinada, haberá algunhas accións que aínda se desenvolverán despois deste evento.

As accións poden clasificarse nos seguintes grupos:

1. Accións de documentación
2. Accións de promoción do PN Illas Atlánticas
3. Travesía polo PN Illas Atlánticas
4. Accións de análise

2.1 Accións de documentación

Un dos alicerces deste proxecto é a recollida de información intanxíbel relacionada coa toponimia (thalassonimia), navegación tradicional e oficios vinculados á mesma (pesca e cabotaxe) así como os coñecementos necesarios para levar a cabos ditos oficios. Esta recollida será bibliográfica pero precisará dun efecto *recreador*. É dicir, conforme aos postulados da UNESCO en col do patrimonio inmaterial, como ferramenta para garantir a súa salvagarda, *debe garantirse a súa transmisión de xeración en xeración, e debe ser recreado constantemente polas comunidades e grupos en función da súa contorna, a súa interacción coa natureza e a súa historia, infundíndolles un sentimento de identidade e continuidade, contribuíndo, xa que logo, a promover o respecto da diversidade cultural e a creatividade humana.*

Así pois, con estas accións de documentación tratarase de recoller e sintetizar o coñecemento e saber tradicional no tocante á xeografía, meteoroloxía, oceanografía (biolóxica, química e xeofísica), enxeñaría (i.e. construción e mantementos de barcos) e navegación. O ámbito xeográfico desta recolla abrangue dende o Golfo Ártabro ata a foz do río Miño, con especial énfase na área do Parque Nacional das Illas Atlánticas.

-
- Fornecer vías de participación das comunidades locais
 - Ter sensibilidade manifesta a prol da salvagarda cultural local
 - Satisfacer as expectativas dos clientes potenciais
 - Realizar unha promoción do produto turístico honesta e realista que permita que as expectativas dos clientes podan ser cumpridas.

Para máis información: <https://destinet.eu/> ;

http://ecoroute.prismanet.gr/brochures/Report_SW_Europe_draft30-04-2004.pdf

Dado o pouco tempo e tal como se comentou anteriormente, a curto prazo (abril-xuño) farase unha síntese rápida do publicado, apoiado en certas testemuñas, creando un fondo bibliográfico e de memoria (documentación intanxíbel) en base a informantes coñecidos. Porén, estes fondos serán ampliados con posterioridade á navegación prevista para o Encontro.

O traballo a realizar con estes fondos agromará nos seguintes produtos:

2.1.1. Produtos de diseminación científica

O fondo bibliográfico e documental será accesíbel á investigadores, servindo, xa que logo para a difusión do coñecemento nun ámbito máis académico vía artigos científicos ou de divulgación en revistas especializadas (e.g. Nova Ardentía, a revista editada por CULTURMAR)

2.1.2. Produtos de desenvolvemento promocional

Baseándose nesta recollida documental facilitaranse os elementos esenciais para a creación de guións e guías que recollan os principais valores culturais e naturais do Parque Nacional das Illas Atlánticas baseados no coñecemento popular. Estes produtos darán unha dimensión e unha sensibilidade máis humana, máis tradicional. Unha achega alternativa, en definitiva, dos valores do parque baseada nos principais protagonistas que sustentan a posíbel declaración do mesmo como Reserva da Biosfera.

2.1.3. Produtos de compromiso e participación coa comunidade

Complementarios aos anteriores, estes produtos terán como fin achegar aos visitantes do parque (turistas) unha alternativa cultural e natural a súa visita, baseada nos principios do ecoturismo, que terán como fin, a creación dunha conciencia para a salvagarda do patrimonio natural e cultural.

2.2 Accións de promoción do Parque Nacional das Illas Atlánticas

Estas accións pivotarán sobre a navegación das embarcacións tradicionais para o XIV Encontro a celebra na Guarda. Terán como base os produtos de desenvolvemento promocional do anterior epígrafe, orientados cara a un guión, a

consensuar con todos os sectores implicados (xestores do parque, axentes turísticos, administración entre outros), que sirva quer para promocionar a propia candidatura cara a UNESCO como os produtos de ecoturismo.

Estes guións serán a base para a filmación do convoi de embarcacións tradicionais que se desprazará Á Guarda co gallo do Encontro. Dada a excepcionalidade do evento, filmaranse as singraduras dende os principais portos base das embarcacións dende o Golfo Ártabro, pasando por todas as rías e, en especial as paradas de concentración que terán lugar en Sálvora, Ons e Cíes. Nestas últimas illas, coa inclusión das embarcacións da ría de Vigo, darase por concluída a fase de reagrupamento do convoi, o que dará espectacularidade á travesía ata Á Guarda.

2.3 Travesía polo PN Illas Atlánticas

Ao tratarense de embarcacións de pequeno e mediano porte e que haberá tamén un proceso de agregación ao convoi, a loxística da travesía terá en conta os seguintes factores:

- Velocidade media da travesía: agárdase que as embarcacións podan desprazarse a unha velocidade de 4-5 nós en promedio
- Navegación por singradura: agárdase unha distancia percorrida por día dunhas 40-50 millas, o que supoñen unhas 8-10 horas de navegación por singradura. Porén o último día a singradura será de 5-6.
- Prognostico de ventos: no verán dominan os ventos de compoñente norte, polo que previsibelmente sexan maioritariamente favorábeis para unha navegación a vela, se ben todas as embarcacións levan un motor auxiliar que permitirá, caso de condicións adversas, completar a singradura prevista.
- Horas prioritarias de navegación: é previsíbel que as condicións do mar sexan máis favorábeis pola mañá, existindo unha maior probabilidade de mar levado cara ao mediodía. Consecuentemente, as singraduras iniciaranse cedo, para evitar as horas centrais do día.

As fases desta travesía son as seguintes:

2.3.1. Fase inicial

Constará de dúas singraduras, a levar a cabo os días 29 e 30 de xuño coas seguintes etapas:

- a) Coruña-Laxe. Navegación dunhas 40 millas na que participarán os buques de A Coruña e Ferrol. Se as condicións son boas, chegarase

até Muxía, o que supón unhas 18 millas máis.

- b) Laxe-Muros. Navegación dunhas 50 millas en función da distancia percorrida na anterior singradura. No porto de Muros terá lugar o primeiro reagrupamento da frota, entrando no convoi as embarcacións desta ría (Muros, Carnota e Outes)

2.3.2. Fase de integración

Constará dunha singradura, a levar a cabo os días 6 de xullo e caracterízase polos seguintes feitos:

- a) Navegación de Muros ata Sálvora do convoi, onde agardará para xuntar ás embarcacións da ría de Arousa, comezando dende Carril (e.g. Cortegada) pasando polos Xidoiros, Rúa, Arousa onde irán uníndose as embarcacións da banda norte (Barbanza) e do sur (Vilagarcía, Salnés e Grove)
- b) Reagrupamento en Sálvora das embarcacións do Ártabro, ría de Muros e Arousa
- c) Saída das embarcacións da ría de Pontevedra (Portonovo, Bueu), con destino Ons, para integrarse no convoi nesa Illa
- d) Saída das embarcacións da Ría de Vigo (Moaña, Cangas, Vigo) cara as Cíes
- e) Reagrupamento do convoi nas Cíes das embarcacións do Ártabro, ría de Muros, Arousa, Pontevedra e Vigo. Fondeo e pernocta no camping.

2.3.3. Fase de navegación conxunta cara Á Guarda

Terá lugar o domingo día 7 de xullo, con chegada prevista Á Guarda cara ao mediodía, dándolle unha visibilidade ao convoi única dende a Serra da Groba e mesmo dende Santa Tegra.

2.3.4. Fase de volta aos portos base

Terá lugar o domingo día 14 de xullo ás 16:00, unha vez rematado ao Encontro, cunha navegación inversa de 4 singraduras recalando nos mesmos portos usados na baixada

2.4 Accións de análise

Unha vez finalizado o Encontro revisarase o material filmado co gallo de preparar quer os vídeos promocionais (e.g. Parque Nacional, ecoturismo) quer o do propio Encontro.

Alén deste traballo de edición de vídeo, analizarase o resultado da travesía co gallo de preparar algunha das singraduras con vistas á súa explotación ecoturística. A creación deste produto precisará definir guións, experiencias demostrativas e mesmo accións que podan desenvolver os clientes, baseadas tanto no patrimonio natural como cultural.

3. Necesidades loxísticas externas

Para poder desenvolver o proxecto **TESA A ESCOTA, Singraduras na Procura do Patrimonio**, na súa acción de travesía polo PN Illas Atlánticas será precisa a colaboración das autoridade e do propio parque.

3.1 Apoio de embarcacións da Xunta de Galicia

CULTURMAR encargarse de tramitar os permisos pertinentes para realizar a travesía. Ao efecto, detallará o plan da travesía coas autoridades marítimas. Alén deste requisito, será preciso contar co apoio das embarcacións da Consellería do Mar, delimitando o convoi e asistindo en caso de continxencia.

3.2 Apoio do Parque Nacional das Illas Atlánticas

O apoio do PN Illas Atlánticas é fundamental, favorecendo tanto os fondeos temporais en Sálvora e Ons como o de Cíes nas travesías de ida e volta do Encontro así como para facilitar a pernocta no camping das Cíes tanto para a noite do 6 ao 7 de xullo como do 14 ao 15 do mesmo mes

4. Orzamento

CULTURMAR entende que o proxecto **TESA A ESCOTA, Singraduras na Procura do Patrimonio**, ten un potencial enorme de cara á candidatura do Parque Nacional das Illas Atlánticas como Reserva da Biosfera tanto no aspecto máis promocional a traveso de campañas de publicidade, como para a implantación de produtos de ecoturismo que poñan en valor os valores naturais e culturais do mesmo, base fundamental para a esa arela.

CULTURMAR xestionará a loxística e necesidades das embarcacións así como coordinará o resto das accións a levar a cabo. Emporiso consideramos que a unión de sinerxías favorecerá definitivamente á candidatura.

O orzamento previsto para este proxecto é o seguinte:

Concepto	Observacións	Prezo
Documentación	Traballo de recompilación bibliográfica e documental Análise do material	10 000.00 €
Filmación da travesía	Creación de guións, filmación e produción de produtos promocionais videográficos ¹	15 000.00 €
Xestión travesía	Requirimentos das embarcacións, coordinación e outros gastos das tripulacións	9 000.00 €
Análise	Valoración e proposta de produtos turísticos ²	6 000.00 €
TOTAL		40 000.00 €

¹ Buscaranse fontes de financiamento alternativas para esta partida

² Falarase con axentes turísticos e tour-operadores, co gallo de minorar esta partia